

XVII CONFERENCIA ANUAL PLÁCIDO CASTRO

Bueu, 22 de xaneiro de 2016

Plácido Castro, Johán Carballeira e os debates (e inquedanzas) do seu tempo

por Uxío-Breogán Diéguez Cequiel



Depósito legal:

Maquetación: PositiBos.gal

Impresión:

Tiraxe: 500 exemplares

A impresión desta XVII Conferencia Anual Plácido Castro contou co patrocinio do Concello de Bueu

Coa coordinación de IGADI

Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional

<http://www.igadi.org>

XVII Conferencia Anual Plácido Castro

Bueu, 22 de xaneiro de 2016

Plácido Castro, Johán Carballeira e os debates (e inquedanzas) do seu tempo
por Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

Índice

Presentación	7
Plácido Castro, Johán Carballeira e os debates (e inquedanzas) do seu tempo, por Uxío-Breogán Diéguez Cequiel	9
Anexos	27
Breve esbozo biográfico	35
A Fundación Plácido Castro	36

Presentación

A teimuda e indispensable tarefa desenvolvida pola Fundación Plácido Castro para difundir o legado deste galeguista de visión universal, achegou neste ano 2016 a súa conferencia anual, na XVII edición, á Nosa Vila: Bueu. A Vila de Johan Carballeira.

Dous grandes persoeiros, Plácido e Johan, transcendentos na historia recente de Galicia, que coincidiron na época, no amor a Terra, na defensa do país e das liberdades e da lingua e ate na militancia. A esta correlación chegamos os profanos co simple coñecemento das súas biografías. Mais a talla de ambos facía necesaria unha aproximación profesional que aprofundase nas conexións existentes entre eles para así sabermos das súas afinidades, das querencias ou discrepancias, se estas existiron, dos proxectos compartidos e das coincidencias. Debullar o percorrido destas incógnitas e partillar este coñecemento foille encomendado ao grande historiador Uxío-Breogán Diéguez. Das súas investigacións, do seu amplo coñecemento, e mesmo da súa paixón por estudar e dar a coñecer os momentos e figuras transcendentos do Noso País, parte a magnífica conferencia que tivemos a honra e o pracer de gozar en Bueu.

Agradecemos fondamente, á Fundación e ao Conferenciante ter achegado á Nosa Vila tanto coñecemento e recoñecemento a dous Homes de ben. Agardamos continúen a ser exemplo, que se espalle e semente.

Carlos Eirea Eiras

Concelleiro de Cultura, Concello de Bueu

PLÁCIDO CASTRO, JOHÁN CARBALLEIRA E OS DEBATES (E INQUEDANZAS) DO SEU TEMPO

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

Historiador e profesor da Universidade da Coruña

Dicer, antes de máis, que é un inmenso pracer ter sido convidado pola *Fundación Plácido Castro* para pronunciar a presente conferencia, a **XVII Conferencia Anual Plácido Castro**. Acontece nun ano no que celebramos o primeiro Centenario da creación das “Irmandades da Fala”, das que fixeron parte ideolóxica e sentimentalmente, para alén de organizativamente, as dúas figuras das que imos tratar a seguir. As “Irmandades da Fala”, sen dúbida e tal e como veremos, referen magnificamente as inquedanzas e debates do tempo no que naceron, viviron e compartiron soños, con destacado e decisivo axir, Plácido Castro e Johán Carballeira, polo que optamos por seguir o seu axir para coñecer as inquedanzas da Galiza daquel tempo.

Un tempo de cambio, de mudanzas, inicios do pasado século XX que os vería nacer, e no que a Europa as tensións tiñan como epicentro a cuestión nacional. Até tal punto que naqueles inicios de século, nomeadamente por volta do 1914 estalaría a Primeira Guerra Mundial, ou Grande Guerra arredor do conflito político a escala europea arredor do dominio de Alsacia-Lorena (e que enfrontaba a Franza coa Alemaña...) e as tensión imperialistas que tiñan como protagonistas ás potencias europeas e os Estados Unidos de América.

A Galiza non ficaría ausente destas cuestións e dos debates que arredor das mesmas se desenvolverían a nivel internacional. A imprensa galega da altura así nolo revela, observando como o galeguismo ou soberanismo galego do momento aproveitaría para amplificar as súas demandas en chave nacional. E un tempo compartido que remataría abrupta e violentamente cando Johán Carballeira sería asasinado, da man do fascismo españolista, e Plácido castro vería interrompida

a súa evolución en todas as ordes, represaliado por aquel mesmo totalitarismo que segara a vida do primeiro.

Ora, antes de entrar en maior fondura ao respecto, introduzamos ás dúas figuras que protagonizan este Auditorio Municipal, agradecendo ao Concello de Bueu o seu formidábel recibimento.

PLÁCIDO CASTRO E JOHÁN CARBALLEIRA

Como curiosa coincidencia, achamos nas biografías de Plácido Castro e Johán Carballeira o feito de naceren no mesmo ano, nomeadamente no 1902. O primeiro nacía no mes de xaneiro daquel ano en Corcubión, co nome completo de Plácido Ramón Castro del Río, e o segundo en Vigo no mes de febreiro co nome de Xosé Francisco Gómez de la Cueva.

Plácido Castro, logo de se trasladar a Glasgow (Escocia), polas negocios da familia ligados ao sector mineiro, iniciaría no 1908 os seus estudos lonxe da súa Terra, mais no ámbito atlántico que tanto o marcaría. Unha década despois, por volta concretamente do 1919, matriculábase na Universidade de Glasgow, cursando estudos de Filoloxía Inglesa, para exercer, mais adiante, como docente de idiomas. No ano 1927 trasladaríase á capital británica. En Londres sería onde comezaría a súa colaboración cos xornais como *El Pueblo Gallego* e *Informaciones*, así como coas publicacións periódicas coas que contaba o galeguismo político do momento, caso d'A *Nosa Terra* e *Céltiga*.

Pola súa banda, Xosé Francisco Gómez de la Cueva pouco despois de nacer trasladaríase coa familia a Bueu, onde pasaría toda a súa infancia e onde estudaría. No 1922 aparece xa nas páxinas do xornal *Faro de Vigo* o seu primeiro poema, publicando un ano despois varias composicións poéticas soltas. Cara 1924 figuraría como asiduo colaborador do devandito diario. Sería moi prolífico, comezando a publicar mesmo aquel ano, no mes de setembro, unha novela curta en español por entregas. Por volta de finais do ano 1925 comezaría a publicar no xornal vigués *Galicia*

e, poucos meses despois, faríao nas revistas *Vida Gallega* e *Céltiga* -publicación arxentina, esta última, editada polo Centro Galego de Bos Aires-, converténdose para os seus contemporáneos nun dos poetas novos máis comprometidos da Galiza, e de grande futuro, da época. A partir do ano 1927 traballaría como correspondente en Bueu do diario *El Pueblo Gallego*, adicándose en exclusiva á imprensa e adoptando o pseudónimo polo que o coñecemos: Johán Carballeira.

Os temas que ocuparían, centralmente, os seus artigos serían a realidade lingüística, política e social da Galiza. Nuns e noutros escritos amosaría unha clara consciencia e sensibilidade social, poñendo sempre o foco nas condicións de vida das clases populares galegas, especialmente desfavorecidas e maltratadas.

A VERTEBRACIÓN DO GALEGUISMO POLÍTICO: AS IRMANDADES DA FALA

Cando Plácido Castro e Johán Carballeira tiñan a súa vida profesional encarreirada, naquela segunda metade do século XX, o galeguismo/soberanismo galego dera pasos centrais en favor da súa vertebración. A mediados da década anterior marcárase un obvio punto de inflexión, a partir do que se camiñaría cara a unificación das e dos nacionalistas na Galiza, arredor da defensa e posta en valor do idioma galego. A reivindicación do feito “nacional” galego por parte de notábeis como Aurelio Ribalta, desde Madrid, ou Antón Vilar Ponte, desde A Coruña, sería central ao respecto, chamando á unidade dos galeguistas nunha única plataforma política e de acción social (...que non un partido político, malia que si a súa xénese, como veremos).

Un proceso que non se podería entender sen o axir e iniciativa dos irmáns Antón e Ramón Vilar Ponte. Concretamente Antón Vilar Ponte publicaba á altura do 5 de xaneiro de 1916 o folleto *Nacionalismo Gallego (Apuntes para un libro)*, subtítulo *Nuestra afirmación regional*, co que daría o pistoletazo de saída do devandito proceso. Neste folleto o intelectual e xornalista, recién chegado da emigración cubana, presentaría unha acendida defensa e reivindicación da lingua propia da Galiza. Expuña o redactor do diario *La Voz de Galicia* a necesidade de artellar un movemento

que defendera a lingua galega, a partir do recoñecemento da Galiza como “patria natural” e “pobo libre con persoalidade histórica”, sendo unha necesidade imperiosa crear unha grande plataforma galeguista, que agrupara a todos os efectivos cos que este ideario contara.

O texto condensaba boa parte da tradición galeguista anterior, achegando certas novidades, caso da incorporación do termo ‘nacionalismo’, como sinónimo actualizado do que viña de se denominar con anterioridade ‘rexionalismo’, liderado en grande medida polo historiador Manuel Murguía. Saía do prelo aquel documento após un chamado que fixera o patriota galego Aurelio Ribalta en defensa do idioma e país galego; tentando crear unha organización que recollera e anovara o substrato soberanista previo.

Tan só catro meses despois, nomeadamente o 18 de maio daquel 1916, Antón Vilar Ponte convocaría no local da *Real Academia Galega*, por iniciativa do seu irmán Ramón, a xuntanza constituinte do que se denominará nun inicio, semella que por suxestión de Ramón Vilar Ponte, “Hirmandade dos Amigos da Fala”; ao pouco comunmente coñecida como *Irmandade da Fala*. Esta será a primeira organización que, pasando de ter o local como ámbito de actuación, adopte dimensión nacional e axunte a homes e mulleres que sentían á Galiza como Terra/Nación propia, preocupados pola inferiorización da lingua e cultura galegas no propio país, tentando dar unha resposta política a esta realidade.

Esta nova agrupación patriótica salvará posicións diverxentes no relativo á cuestión relixiosa, social e, en grande medida, política. Ora, non podemos pensar que estamos a referir un partido político, senón agrupamentos locais de carácter patriótico, onde o común denominador viña a ser a defensa da identidade galega, materializada na loita pola normalización e *legalización* do idioma, así como da reivindicación do *feito* nacional galego, da existencia da nación galega, ao longo dun proceso histórico (apostando pola ‘autonomía’ da Galiza, a igualdade legal e civil entre homes e mulleres, ou a posesión da terra para quen a traballara -coa suspensión dos foros-, e a soberanía estética da Galiza, entre outros aspectos ben novidosos e avanzados para aquel

tempo no atrasado sul da Europa...). Convivirían nas *Irmandades*, así pois, membros integrados en diferentes partidos e sen adscripción partidaria, unidos polo anxeio dunha Galiza recoñecida (e respectada) na súa personalidade *nacional*.

Serían as *Irmandades* as que inaugurarían o nacionalismo explícito, na liña do indicado; e faríano tras celebraren a súa primeira *Asamblea Nazionalista Galega* en Lugo, no mes de novembro do 1918. Afirmaban daquela os irmandiños, no seu manifesto asemblear, o que segue:

"...nós nomeámonos de hoxe para sempre nazionalistas galegos xa que a verba rexionalismo non recolle todas as aspiracións nen encerra a intensidade dos nosos problemas...".

AS IRMANDADES DA FALA E O ORGANIZACIÓN POLÍTICA DO 'GALEGUISMO'

As *Irmandades da Fala* serían integradas polos máis destacados valores da Galiza daquela altura. Entre outros podemos e debemos lembrar aos irmáns Vilar Ponte, a Manuel Lugo Freire, Vicente Risco, Banet Fontenla, Manuel Iglesias Roura, Ramón Cabanillas, Salvador Cabeza de León, Galo Salinas, Lois Peña Novo, Ramón Otero Pedraio, Uxío Carré Aldao, Antón Lousada Diéguez, Daniel Rodríguez Castelao, Armando Cotarelo, María Miramontes, Ánxel Casal, Elvira Bao e aos malogrados Lois Porteiro Garea e Johán Vicente Viqueira. A máxima referencia teórica daríaa o ourensán Vicente Risco, autor da *Teoría do Nazionalismo Galego*, mudando parcialmente o paradigma asentado, con anterioridade, por Murguía. Risco, para alén do propio libro que se publicaría baixo o devandito título, tiraría do prelo por capítulos a través d'*A Nosa Terra* a devandita obra doutrinal.

O relevo que lle darán as *Irmandades* á súa proxección social, en canto programa e ideario se refire, daría lugar ao (re)lanzamento do boletín/voceiro *A Nosa Terra* (após a primeira etapa desta publicación, órgano de expresión do agrarismo galego no 1907), na que ler artigos dun e doutros.

A través desta publicación os militantes da *Irmandades* exporían os seus postulados, teorizando arredor do problema nacional galego; adoutrinando, aliás, aos novos cadros que terá o nacionalismo de cara tempos futuros.

Plácido Castro e Johán Carballeira serán autores de diversos textos en *A Nosa Terra*, realizando reflexións arredor da realidade da que facían parte e contribuíndo a modelar o pensamento e movemento nacionalista da altura. Plácido Castro escribe por volta do 1928, cando aínda vivía no Reino Unido, o primeiro texto que lle publicaría *A Nosa Terra*. Faríao no número 251 do xornal, editado co gallo do Día de Galiza, compartindo número con Camilo Díaz Baliño, Manuel Portela Valladares, Salvador Cabeza de León, así como con Antón, Ramón Vilar Ponte e Víctor Casas, entre outros. Non será casual a temática, mais ben será un das súas constantes preocupacións: o celtismo da Galiza. Non tanto o celtismo en canto orixe, que tamén, como a ligazón/irmanamento que había entre a Galiza e as restantes 'nacións celtas' e como esta realidade podería ser de grande interese para o noso país de cara a ver consumadas as súas reivindicacións políticas en canto nación. Sendo as restantes nacións de orixe céltica un claro referente para a Galiza, quer no político, quer no cultural, diante do rexurdir das mesmas, caso da Irlanda ou Escocia. Diría Plácido Castro, a partir dun discurso do ex ministro británico David Lloyd George, quen curiosamente se definiría como "un celta británico", que:

"...o celtismo é unha cousa práctica e vital e non vaga aspiración. Coinciden [esas palabras de Lloyd George no seu discurso] ademais c'un verdadeiro momento de rexurdir céltico. En Irlanda, en Escocia, en Gales loitase pol-a cultura céltica c'un novo entusiasmo. Os irlandeses xa teñen a sorte de poder dirixir os destinos da súa terra, e os escoceses e galeses pode ser que axiña se atopen na mesma feliz situación, xa que o Home Rule pra Escocia e mais pra Gales forma parte do programa dos partidos laboralista e liberal..."

Nesta orde de cousas, afirmaríase Plácido Castro, naquel tempo no que Johán Carballeira comezaría as súas colaboracións con *A Nosa Terra*, que a Galiza tería que ollar cara eses países irmáns con especial afecto e interese estratéxico. Engadindo:

“A orientación cara as terras célticas do Norte ten que ser unha parte esencial, a mais importante, do que poideremos chamar a nosa política exterior inteleitual. Os trunfos dos celtas do norte son tamén en parte victorias nosas (...). Porque o celtismo como forza espiritual e cultural ten unha valiosa sinificación internacional que é o complemento esencial de todo rexionalismo intelixente, o que endexamais debemos esquecer”.

Daquelas a introdución e evolución social do nacionalismo galego non era, nen se achegaba, á que tiñan os soberanistas irlandeses, escoceses ou galeses, ora, observarían un medre en absoluto desdeñábel. Nomeadamente as *Irmandades* lograrían pasar dos 200 adherentes no seu inicio, a 700 afiliados ao pouco; de 6 irmandades a 13, sumando efectivos en 23 localidades para alén daquelas, como ten demostrado o noso colega Justo Beramendi. A Coruña e, gradualmente, Ourense serían as dúas vilas nas que esta organización tería maior presenza, por moito que esta distara, a inicios da década dos anos vinte do pasado século, do apoio social desexábel. E entre o ideario e imaxinario patriótico galego do momento, aquel celtismo (e atlantismo) xogaríase unha función, en canto adscrición identitaria, esencial; fronte á adscrición mediterránea de España... Sendo as palabras de Plácido Castro unha actualización en chave abertamente política, do discurso iniciado e socializado polo historiador Manuel Murguía desde o último terzo do século XIX.

LINGUA, EDUCACIÓN, IMAXINARIO COLECTIVO, CUESTIÓN DE XÉNERO E SOCIAL

Entre as actividades das *Irmandades* cumpre subliñar a axitación popular en favor do idioma a través de ‘*meetings*’ e encontros en salóns, teatros e a propia rúa. Así mesmo, aos *irmandiños* ou *irmanciños* débese a elaboración dun ‘Vocabulario Galego-Castelán’, cun amplo glosario e

unha serie de expresións populares, moitas delas, por certo, na actualidade desaparecidas. O dicionario temos que encadralo no marco da preocupación (e debate) arredor das normas de '*unificación do idioma galego*', que verían a luz década e media despois da fundación das *Irmandades*.

Neste labor de recuperación da lingua galega para todos os ámbitos de uso, pulando pola unificación co portugués (que tería ligazón directa coa proposta de Federación da Galiza con Portugal -entendendo que historicamente facían parte dun todo ambas realidades, a partir da raiceira o vello Reino Suevo da Galiza...), as *Irmandades* incentivaron o ensino monolingüe en galego. Dando lugar, por exemplo, às *Escolas de Insiño Galego* (sic), da man de María Miramontes e Ánxel Casal na Coruña. Serían especialmente críticos cun sistema educativo no que o profesorado procedía de fóra do país e marxinaba a lingua propia da Terra, imprimindo no imaxinario colectivo galego un sentimento de clara inferioridade fronte o español (e España), que ese profesorado normalizaba no país, como lingua superior, do saber e da ciencia:

"Os nenos das nosas aldeas e vilas falan galego... e nos seus beizos de anxeliños é unha música a dozura d'ista nosa fala melosiña.... Os mestres, que xeralmente non son da Terra, descoñecen a nosa fala, despréciana, aborrécena e fan que os nenos, que por eles se guían, vaian pouco a pouco esquecéndoa, mirándoa como unha lingua despreciábel".

Aliás, cando mozos universitarios botan a andar no ano 1923 o *Seminario de Estudos Galegos*, tendo como finalidade promover o coñecemento científico da Galiza e en galego, os membros das *Irmandades* non dubidarán en dar cobertura á iniciativa, lexitimándoa e ocupando a dirección da mesma (foi o caso dos catedráticos Armando Cotarelo Valledor e Salvador Cabeza de León, primeiro e segundo presidente da institución no 1923 e no 1925, respectivamente). Convide que aceptarán, dándolle cobertura a mocidade nacionalista do momento (ao pouco cadros centrais do nacionalismo na seguinte década).

Así mesmo, as *Irmandades da Fala* procurarían tamén obter unha incidencia político-institucional con voz propia para o país. Nesta liña promoverán un traballo electoral a través do que conseguirían a primeira acta dun concelleiro nacionalista. Así foi que o xurista Lois Peña Novo saíra eleito polo concello da Coruña, no marco das municipais de febreiro do 1920, ficando Antón Vilar Ponte a piques de conseguir a segunda acta para o nacionalismo da altura. Nesa altura as *Irmandades* fixan (e socializan) datas de referencia no calendario galego: o 26 de abril, 'mártires de Carral'; o 25 de xullo, 'Día da Galiza', o 17 de decembro, 'perda da independencia' da Galiza (en lembranza do asasinato do Marechal Pero Pardo de Cela, nobre galego, por orde da raíña Isabel de Castela no 1483)... Estas datas encadrábanse na necesaria socialización de fitos históricos encamiñados á creación dun imaxinario colectivo patriótico, en definitiva, dunha consciencia nacional galega.

Nesa consciencia e imaxinario, estaría especialmente presente a defensa e valorización do mundo rural e as clases populares no seu conxunto (fronte un mundo urbano de forte castelanización...). O propio feito de tomar o cabezallo *A Nosa Terra* como voceiro, cando este viña a ser no 1907 o órgano de expresión dos agraristas de *Solidariedade Galega*, viña a ser toda unha declaración de intencións. Boa parte dos primeiros cadros das *Irmandades da Fala* foran referentes do movemento agrarista (caso de Manuel Lugrís Freire, Uxío Carré Aldao, Galo Salinas ou o propio Murguía...). Unían a "causa galega" coa reivindicación dun rico mundo rural, no que o galego era o idioma de referencia normalizado. Así mesmo, puñan en valor á clase obreira que era monolíngüe en galego e que loitaba polos seus dereitos no mundo urbano (procedendo maioritariamente do rural). Realidade a partir da que non nos debe sorprendere que a relación entre o avogado Lois Porteiro Garea e o líder obreiro José Pasín, anarquista compostelán, como ten estudado Dionísio Pereira, e que faría que Pasín se integrara na *Irmandade da Fala* compostelá. Da relación entre ambos as páxinas d'*A Nosa Terra* dan fe:

"Dixo Luís Porteiro [Garea] no seu elocuentísimo discurso do noso mítin de Santiago que ô obreiro Xosé Pasín (...) débelle moito Galicia. Traballa arreo polo rexurdimento da raza (...). Un mestre no senso da organización. Gracias a el Compostela vaise

vendo bloqueiada por sociedades agrarias. Pasín e moitos outros obreiros composteláns van despertando na conciencia das multitudes o sentimento d'unha Terra redimida. Van facendo un pobo libre sóbor dos cimentos do enxebrismo".

E é que boa parte dos integrantes das *Irmandades da Fala* tiñan unha clara conciencia popular e de clase. O que levaría a que Ramón Vilar Ponte impulsara no 1918 a creación do "Sindicato da Construción" de Viveiro xunto a Atadell, ao igual que na Coruña acontecería con Calviño, destacado militante anarquista, ou co socialista Xaime Quintanilla, activo das *Irmandades da Fala* primeiro en Compostela e despois en Ferrol. Realidade que na IV Asemblea das *Irmandades* (1922) daría lugar ao acordo de crear unha organización sindical galega, quedando responsabilizados a tal fin, como coordinadores, o propio Ramón Vilar Ponte, Parapar Sueiras e Calviño. Iniciativa que non debe estrañar, dado que as *Irmandades da Fala* con epicentro na Coruña se nutrían de todo un substrato e tradición galeguista previa, netamente progresista e republicana, con Manuel Murguía á cabeza, á que lle darían unha nova etapa até os inicios da década dos anos '30.

Nos inicios daquela nova década regresaba á Galiza Plácido Castro. Corría o 1930 e non só regresaba á Galiza, senón que oficializaba a súa adscrición patriótica Plácido Castro, vinculándose coas *Irmandades da Fala*. Entre outros, mantería unha especial amizade con Antón Vilar Ponte, segundo manifestaría nas páxinas deste mesmo xornal. Nesta altura é cando escribe, por volta de decembro, a que sería a segunda achega para *A Nosa Terra* que redixa. A lucidez que xa amosara reflexionado sobre as relacións internacionais da Galiza, volve a manifestarse afirmando que o noso país era unha "colonia" española. Actualizando o concepto que xa empregara Antolín Faraldo no 1846 para se referir á nosa Terra e o trato dado pola "Corte", Plácido Castro afirmará en chave soberanista na mesma liña:

"Si os argumentos que expoñen os nacionalistas galegos e as arelas de independencia que sinten non abundaran para xustificar total-as suas peticións, sería xustificación suficiente o trato de colonia que dan a Galicia os governos centralistas (...)".

Afondando nesta cuestión, aseveraría Plácido Castro que só o nacionalismo podería defender os intereses lexítimos da Galiza, partindo da experiencia dos desfavorecidos labregos a partir das política do centralismo español na súa contra. Realizando un paralelismo entre a Galiza e Irlanda, a partir do trato recibido desde España e Inglaterra, respectivamente, por unha e outra, afirmaría cunha acendida crítica contra o caciquismo galego ao servizo de interese foráneos:

"E verdade que os galegos ainda non morreron de fame como os irlandeses, mais a emigración galega non é sinón unha maneira de fuxir da fame. (...) O centralismo, e aínda máis o caciquismo centralista galego, precisa do sometemento, da falla de independencia (...). [Ora] Si se nos considera como colonia, temos de actuar como colonia, como todas aquelas colonias rebeldes que ao fin conqueriron a súa liberdade".

Entre tanto, o galeguismo demostraría tamén referencial no que atinxía ás reivindicacións de xénero. Por volta xa do 1919 a "Irmandade Feminina" ou "Seición Feminina" das *Irmandades da Fala* desenvolvían unha vizosa actividade. De xeito constante realizaran un labor enfocado cara a reivindicación dos dereitos das mulleres, comezando por atinxir unha igualdade entre mulleres e homes no político, social e laboral. Mesmo impulsarían a creacións de 'bolsas de traballo', como se podía ler nas páxinas de 'A Nosa Terra', coordinándose coa colectiva galega alén mar de cara a que as mulleres que marchaban para Sudamérica contaran coa protección de parte da rede societaria galega asentada aló.

PERFECCIONARSE ORGANIZATIVAMENTE (NUN NOVO TEMPO) PARA GAÑAR Á SOBERANÍA: O PARTIDO GALEGUISTA

Meses despois de ter escrito este artigo Plácido Castro, proclamábase a II República española. Galiza entraba nunha nova etapa da súa historia, realidade que verían ben nidia o galeguismo. Cumpría axustar a realidade organizativa aos tempos que estaban a se aveciñar. Nesta orde de

cousas, entre o 5 e 6 de decembro do 1931 desenvolveríase en Pontevedra a VII “Asamblea Nacionalista” das *Irmandades da Fala*. Plácido R. Castro sería un dos activistas do galeguismo que participaría da mesma. Johán Carballeira non asistiría, mais sería un dos nacionalistas que enviaría a súa adhesión á mesma, segundo informaba o número de *A Nosa Terra* de xaneiro do 1932. Plácido Castro faría parte da delegación galeguista que representaba á Coruña naquel decisivo encontro, xunto a Luguís Freire, Víctor Casas e Salvador Mosteiro. A importancia da devandita asemblea viría dada polo feito de tomaren a decisión os seus asistentes de crear o *Partido Galeguista* (PG). Organización que quedaría conformada, con organismos de dirección e responsabilidades escollidas democraticamente no propio acto, dos que faría parte o propio Plácido R. Castro, nomeadamente do Consello Nacional do partido. Na práctica as *Irmandades da Fala* reconvertíanse naquel PG, proceso do que farían parte de xeito entusiasta Plácido Castro e Johán Carballeira, tomando contacto un co outro neses meses.

A vida de ambos nesa altura estaría guiada a lle dar o maior peso social ao galeguismo político. A implicación de ambos no PG sería de grande relevo, sendo os dous figuras enormemente recoñecidas. No terreo organizativo Plácido R. Castro pasaría a ser desde marzo do 1931 o “Conselleiro 2º” (vicepresidente) do grupo coruñés do *Partido Galeguista*; capitaneado por Víctor Casas, que sería “Conselleiro 1º”. Desde un primeiro momento Plácido R. Castro ocuparía a representación do PG nos seus asuntos exteriores, na práctica unha vogalía de relacións internacionais. Sen dúbida era o militante da organización galeguista máis formado neste eido, desenvolvéndose tanto en galego, como en inglés, para alén do español. Teorizará incasabelmente arredor de estar a Galiza presente nos debates que arredor da cuestión nacional se estaban a dar no ámbito europeo. Nesta orde de cousas, indicaría este activista nun outro artigo publicado en *A Nosa Terra*, diante do Día da Patria do 1932, que xiraba arredor da cuestión nacional versus Estado español [=Hespaña] e o ámbito internacional, que:

“(...) os máis fondos conflictos da política internacional relacionáanse con problemas de minorías e de autonomías, que hoxe eisen na maioría dos Estados de todol-os

continentes, aínda despois do trunfo recente de numerosos movementos nacionalistas. A solución dos problemas d-iste caraiter é unha das etapas indispensabres na loita da pacificación do mundo –ceibando aos pobos que se sinten asoballados, e debilitando ao mesmo tempo os grandes Estados imperialistas e militaristas. (...) debe Hespaña resolver os seus propios problemas autonómicos denantes de pre-tender intervir como mediadora nos preitos alleos”.

Así se explica que fora *in crescendo* peso e influencia que chegaría a ter Plácido Castro no PG como figura de referencia, indiscutíbel, nas relacións internacionais do galeguismo, ao non ter parangón. Sendo unha peza clave da dirección do partido nacionalista, na III Asemblea do PG, celebrada no 1933, foi o membro que máis votos recibiría para as eleccións á Executiva do partido, con 1.654 votos ao seu favor.

E sería naquel ano cando Plácido R. Castro protagonizaría o fito de maior relevo que no ámbito internacional, e do punto de vista político, viviría o noso país. Dado que Galiza, da man do PG, estaría representada no IX Congreso de Nacionalidades Europeas coa presenza de Plácido Castro. Un encontro celebrado na localidade suíza de Berna, entre o 16 e o 18 de setembro do 1933 e adscrito á Sociedade de Nacións. Foron exactamente quince as nacións representadas nesta cimeira e unha delas foi Galiza mercé ao galeguismo, recoñecida como tal.

As páxinas de *A Nosa Terra* darían eco ao relevante nova, ao igual que outros medios, caso de *El Pueblo Gallego*. Neste medio afirmaría Plácido R. Castro, por volta do 30 de setembro daquele ano, que:

*“Por vez primeira na súa historia Galiza concorreu con personalidade propia a un Congreso internacional. (...) foi acollida Galiza no Congreso de Nacionalidades Europeas e admitiuse a declaración presentada pola súa delegación que di:
O Partido Galeguista, partido nacional dos galegos, representado no parlamento es-*

pañol polos deputados Otero Pedraio, Castelao e Suárez Picallo,, declara solemne- mente (...) que conta con máis de dous millóns de almas e habita a totalidade do territorio de Galiza, é unha nación ben definida, que se diferencia claramente dos outros pobos que habitan España. A súa orixe, a súa historia, o seu idioma, e os seus costumes xustifican esta diferenza dunha maneira absoluta».

Desde o Partido Galeguista afirmárase a través de *A Nosa Terra* que este fito visibilizaba a Galiza no marco internacional, de xeito oficial, e que afortalaba a unión entre as nacións sen Estado do marco europeo en particular, así como na Península Ibérica. Neste ámbito xunto as nacións vasca e catalá, o galeguismo viña de impulsar o “Galeuzca”. Ora, o PG indicaría que a loita pola conquista da soberanía da Galiza tiña que ser obra do pobo galego, sendo esa ‘oficialización’ do feito nacional unha cobertura á dinámica propia do galeguismo:

“Non vai pois Galiza buscar nin agardar do congreso unha axuda política pra resolver problemas que temos de solucionar nós mesmos. Vai si procurar o apoio moral da opinión internacional, a forza que dá a cooperación con movementos afíns, a defensa contra posibles opresións futuras dun reaccionarismo español unitario. (...) Quer universalizar a Galiza no dobre no dobre senso de facer que a Europa a coñeza e de coñecer mellor a Europa, e manter relacións con todol-os movementos semel- lantes ao noso, dos que tanto podemos adeprender”.

A acción do galeguismo multiplicarase de xeito extraordinario ao longo de boa parte do 1934. Este ano observamos como, para alén dos pequenos actos, o PG desenvolve grandiosos mitins. Nestes, a figura de Plácido R. Castro terá unha grande presenza, xunto a Manuel Gómez Román, secretario xeral, Alexandre Bóveda, secretario de organización, e Daniel R. Castelao, secretario político, así como Víctor Casas, Antón e Ramón Vilar Ponte, entre outros. Podemos referir, por ser o maior que até a altura desenvolvería o PG, o encontro público que celebraría no teatro Ro- salía de Castro da Coruña a segunda fin de semana de xuño daquel ano. Plácido R. Castro sería

o segundo en intervir, após as notas introdutorias do secretario xeral do PG, Gómez Román. Plácido Castro interviña como membro da dirección da organización galeguista e como representante do grupo coruñés.

Nesa altura é cando Johán Carballeira comeza a ter responsabilidades orgánicas no PG. Concretamente sería elixido a finais de maio “Conselleiro suplente da Seición de Pontevedra” na que estruturaba o partido os grupos que tiña organizados na bisbarra/contorna pontevedresa, segundo a demarcación do mesmo. Xunto a Johán Carballeira, Roxelio Pérez Gonzalez, “Roxerius”, sería elixido “Conselleiro propietario” (é dicir, titular) e Victoriano Buxán Rivas faríase cargo da secretaria xeral da “Mocidade Galeguista de Pontevedra”. Entre 1934 e 1936 o galeguismo e a Galiza daquel tempo veríase golpeado duramente (así como por extensión a II República), dado que accedería ao goberno español tras as eleccións de novembro do ‘34 a *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA). A falta de entendemento das forzas de esquerda e a unión da dereita significaría unha auténtica parálise do proceso de modernización de España e unha involución para as tres nacións sen Estado que facían parte da Estado español. Para o caso catalán o Estatut (‘Estatut de Núria’), aprobado no ano 1932, quedaría sen valor legal sendo anulada toda a realidade autonómica que estaba a funcionar con absoluta normalidade e un apoio maioritario entre a sociedade catalá. Para o caso vasco e galego, os respectivos Estatutos estaban a agardar o seu debate no Congreso dos Deputados e quedaron sen pasar o que sería, na práctica, o último paso a superar para ver legalizados os textos articulados que implementarían a autonomía de Euskadi e Galiza.

Neste marco de goberno español da CEDA republicanos e nacionalistas serían presos por mobilizacións obreiras, políticas en favor das liberdades públicas, declaracións de prensa, etcétera. Do PG Ramón Suárez Picallo ou Álvaro de las Casas serían dous dos que pasarían días presos polo seu activismo de nacionalista e de esquerdas. Daniel R. Castelao e Alexandre Bóveda serían, por outra banda, enviados como funcionario dos Estado, mediante ‘traslado forzoso’, a Badajoz e Cádiz respectivamente. Un xeito de tentar parar o medre social e político do PG, pouco hábil por

outra banda. Esta realidade non impediría que o galeguismo tivera unha importante base social e un grande arraigo popular, mantendo os seus principios e folla de ruta soberanista, que pasaba por ver aprobado para Galiza un 'Estatuto de Autonomía', co que isto significaba naquel tempo.

1936. TEMPO DE ÉXITO. TEMPO DE BARBARIE

O ano 1936 representaría a queda do goberno da *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA), así como o regreso ao poder da esquerda e, con ela, do nacionalismo, entre outros, galego. O PG ao facer parte da coalición "Frente Popular" tivo como contrapartida que o proceso estatutario se puidera retomar legalmente. Cumpría trasladar o articulado estatutario ao Congreso dos Deputados para ser debatido, ao igual que acontecía co Estatuto Vasco.

Entre tanto, esta alianza daría lugar a que membros da *Frente Popular*, e para o caso galego algúns activistas do PG, fosen electos alcaldes dos seus concellos. Sería o caso de Johán Carballeira en Bueu naquel 1936, ao igual que Ánxel Casal en Compostela. Carballeira sería central no relanzamento a favor do Estatuto de Autonomía na bisbarra do Morrazo, Vigo e Pontevedra, participando activamente na campaña a favor do plebiscito marcado para xuño daquel ano, ao igual que Plácido R. Castro, Ramón Suárez Picallo, Víctor Casas, ou Castelao e Bóveda, que viñan de regresa da súa expatriación peninsular.

Os resultados do agardado plebiscito serían magníficos, resultando máis dun 90% dos sufraxios favorábeis ao texto estatutario o que este significaba para a nosa Terra. Só tocaba que aquel Estatuto galego tomara estado parlamentar, téndose que debater no Congreso dos Deputados en Madrid. A tal efecto, unha delegación trasladaríase á capital española para trasladar oficialmente o documento estatutario e que este fora axendado para o devandito debate, como previo paso para a súa oficialización. Coincidía a chegada do Estatuto de Autonomía galego ás Cortes do Estado coa homenaxe que se lle tributaría a Johán Carballeira por parte de mariñeiros e armadores de Bueu. Segundo se apuntaba en *El Pueblo Gallego* do 17 de xullo, a homenaxe deri-

vada da convocatoria que o alcalde de Bueu viña de realizar dunha asemblea na que se debateu arredor da “revalorización da sardiña”. Ora, aquel tempo de ledicia e soños sería abruptamente rachado.

Como é sabido, truncárase o proceso autonomista/soberanista galego e, por extensión, o novo tempo que se abría na primavera do 1931, a partir dun particularmente feroz golpe de Estado, de corte militar e españolista. Diante desta realidade Johán Carballeira e Plácido R. Castro, como a maior parte do galeguismo organizado no PG, mantívose firme en defensa da legalidade democraticamente elixida; facendo un chamado como alcalde á súa veciñanza en favor República e da Galiza futura. Con todo, os golpistas faríanse cargo da situación, destituían a Johán Carballeira e o conxunto da corporación municipal, sendo detido o 15 de setembro daquel '36, baixo acusación de accións de guerra e de resistencia ao “Glorioso Movimiento Nacional”. Sería ao pouco confinado na illa de San Simón e, finalmente, sentenciado a morte caería fusilado no mes de abril de 1937.

Entre tanto, Plácido R. Castro sería detido en Muxía e procesado por non ser afecto ao devandito 'Movimiento Nacional'. Sería condenado a inhabilitación absoluta durante 15 anos, ao desterro de máis de cen quilómetros de Muxía e a unha cuantiosa multa. A partir de aquí comezaría unha nova etapa, asentándose na parroquia de Coruxo, en Vigo.

O tempo de Johán Carballeira e de Plácido R. Castro parou traxicamente cando, a partir daquel golpe militar totalitario, Carballeira foi asasinado. Non volvendo compartir Plácido R. Castro co seu compañeiro de partido e soños, mais empresas e coa tristura desgarradora que significou perder a tantas persoas queridas (os asasinados Alexandre Bóveda, Víctor Casas, Ánxel Casal, entre moitos outros, para alén do propio Johán Carballeira, e os exiliados como Daniel R. Castelao, Núñez Búa, Suárez Picallo...). E é que, para alén de estarmos no presente 2016 diante do centenario, como dicíamos ao comezo, das Irmandades da Fala, estamos tamén infelizmente no presente ano diante do 80 aniversario do inicio da barbarie totalitaria que se desataba, planifica-

damente, no mes de xullo do 1936, como ensaio a pequena escala do que logo sería a II Guerra Mundial...

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (Madrid, 1978). Profesor da Universidade da Coruña. Doutor en Historia pola Universitat de Barcelona, téndose licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Director de Murguía, Revista Galega de Historia e presidente da Asociación Galega de Historiadores entre 2001 e 2011. Autor de diversos libros, entre outros 'A Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto' (Fundación Alexandre Bóveda, 2001), 'Álvaro de las Casas. Biografía e Documentos' (Galaxia, 2003) e, recentemente, 'Nacionalismo galego aquí e alén mar. Desarticulación, resistencia e rearticulación (1936-1975)' (Laiovento, 2015). Así como autor de múltiples artigos, comunicacións e ponencias en diversos congresos nacionais e internacionais.

ANEXOS

Selección de textos da época referidos na conferencia

A NOSA TERRA

7

COLONIA

Si os argumentos que espoñen os nacionalistas galegos e as ardeas de independencia que sinten non abondaran para xustificar todas as súas peticións, sería xustificación suficiente o trato de colonia que dan a Galicia os gobernos centralistas. No caso de Cataluña foi o desterro de Maóí un verdadeiro acto de arredismo, de recoñecemento da personalidade d'aquela país. Mais non é o goberno menos reparatista nas súas relacións co'a nosa terra. Non me refiro agora ás liberdades cidadáns perdidas,—as mesmas das que nos privaría un conquistador estranxeiro—xa que n'ese senso Hespaña enteira atópase en situación de pobo asoballado. Mais n'outros aspectos, ¿qué trato sinon o de colonia é o que recibe Galicia?

Considerámola, como exemplo típico, a cunha do millo. Os aranceles impostos arbitrariamente por gobernos nos que ningún defende os intereses de Galicia, obrigan ao labrego a adicar as súas terras a un cultivo que non é necesario nin económico no noso país. Fan subir o prezo do millo que fai falla importar todos os anos, dificultan a venda do gando galego ao elevar o seu prezo e rebaxar a súa calidade. Restrinxen así a liberdade económica de Galicia e os seus efectos chegan, directa ou indirectamente, a todos os aspectos da vida da nosa terra. ¿E con que ouzeto se fai todo isto? Sin dúbida algunha, co fin de protexer intereses alieus a Galicia...

Agora ben, eu coído qu'abonda con este exemplo ben coñecido da importación do millo para facer unha comparación da política centralista hespañola co'a de Inglaterra en Irlanda no século dezoito e na primeira metade do século dezanove. Tíñan alí protexíanse inxustamente os intereses trigaisiros ingleses. Para desfacerse da competencia irlandesa os gobernos afofagaban as industrias con trabas e prohibicións. Irlanda, tan próspera n'outros tempos, chegou a tal estado de pobreza, qu'os seus habitantes só se mantíñan co'as pata-

cas que daba o seu chán. E ao cabo chegou o insoportable desastro. Uns anos de colleitas perdidas trouxeron a fame mais terrible a aquela illa. Millóns d'irlandeses morreron de fame e de peste, ou tiveron que fuxir da súa patria, emigrando a América. Irlanda ficou co'a metade da poboación que tivera antes da catástrofe.

¿E ou non é xusta a comparación da Irlanda de entón co'a Galicia d'hoxe? Eu coído que sí. E verdade que os galegos nunca non morreron de fame como os irlandeses, mais a emigración galega non é sinón unha maneira de fuxir da fame. E si coincidiran uns anos de colleitas perdidas co'a paralización da emigración, xa se vería cales son os terribles resultados da política centralista, d'este proteccionismo inxusto, protector d'unhas rexións a costa d'outras, que é no fondo un formidable axente desintegrador da unidade hespañola.

O centralismo, e aínda mais o caciquismo centralista galego, precisa do sometimento, da pobreza de falla de independencia e de forza das rexións, para que estas non poidan xurdir e ligando a súa liberación do centralismo e do caciquismo—do mesmo xeito que lle conven aos nosos gobernantos, como cidadáns ideais, o que poderíamos chamar o «home-can», o que lamba a man do amo que o castiga con tal de que algunha vegada déalle un anaco de pan. Os políticos galegos son mestros d'esta táctica. O meu amigo Antón Villar Ponte chamóme humorista ao falar n'un artigo da miña teoría de que é mellor para Galicia non ter ministros galegos no goberno. Mais eu sosteño con toda seriedade. Coído qu'as inxusticias que Galicia sofre n'estes derradeiros meses débense directamente ao feito de haber no goberno osíques galegos, que desexan administrar sabidamente os seus favores con fins electorais. Caciques que inde que están galegos non merecen ese nome, pois son aumeiros da súa terra, axentes d'un poder alieo e amigos samente da súa comenencia personal. No fondo a súa forma de gobernar Galicia, téndo-a asoballada para mellor mandar n'ela, é xustamente a que empre-

Artigo de Plácido Castro en ANT 278, 1 de Decembro de 1930

garon tantas veces as potencias colonizadoras.

Aceptemos esta situación de colonia na que nos poñen os gobernantes de Hespacia, e procedamos como é lóxico en semellante caso. Si como colonia se nos trata temos de considerar como estranos ós que colaboran en gobernos centralistas. A bonda xa de comisións mendigantes, de peticións dirixidas aos mesmos que nos asoballan. Como na derradeira protesta de Galicia, temos de facer sempre as nosas protestas en Galicia—en toda Galicia e non n' unha provincia, xa que as provincias son un recurso do centralismo—inda que nos digan que «pedimos imposibles» os políticos acostumados só a conceder favores e non a facer xusticia. E este un deber elemental de galeguismo. Confiemos en qu'os brazos galegos qu'amostraron a súa forza cando estiveron caídos en folga de protesta cidadán, non han de tornar a erguerse pra saudar a ningún tirano. Si se nos considera como colonia, temos de actuar como colonia, como todas aquelas colonias rebeldes que ao fin conqueriron a súa liberdade.

PLACIDO R. CASTRO

O salto da Galiza

Ainda hai xente que confía en Madrid. Como exemplo do mal que fai un réxime provincial imposto a terras non feitas pra seren provincias de ninguen, está ben claro isto, de hoxe, de onte. Deus queira (e nós tamén) que non seña de mañán: coñecidos, demarcados, e fixada a solución de todos os problemas de Galiza aínda hai elementos, e non dos piores da Terra, agardando que Madrid comprenda, sinta, e resolva aqueles problemas.

Priguiza e mala educación, é dicir, costume. Mail'o trunfo das xeneracións e dos homes coscentes da propia responsabilidade e xuramentados pra outras empresas rendedoras, teñen dinantes de ver, que ma-

tar i-esquecer as malas costumes. Que se non confirme a qu'algúns escritores teñen afirmado da falla de enerxía colectiva—politeca—da xente celta. Pra falarmos en termos cecais un tanto pedantes, mais d' unha compra esaitude: o galeguismo inmanente téñese que fagner transcendente, pasar sin perda de tempo do estado *in potentia* o estado *in actu*. Xa fai moito tempo un amigo noso intelixente e curioso escudador de terras e espíritos de pobos decianos despoixa d' unha xeira pol' a nosa: «Eu non entendo esta situación. Os galeguistas saben de todas as arelas da Galiza, viven n' ela, téñena estudado miudamente, son os millor capacitados pra dirixila, e con todo pasan os anos e non dan o *salto*, non deixan sentir a súa presezua i-a súa autoridade fora do libro, do artigo e da conferencia. O ritmo do vivir eisterior galego, do que percibimos os forasteiros, do que, sementes, sinto de fixo a grande maioría dos galegos, segue sendo unha imitanza, algo que non se diferencia escuralmente das outras rexións ibéricas.» E tiña razón. Diputaciós e concellos, forzas vivas, cámaras de comercio, etc., están eiqui dirixindo i-ocupando o primeiro plano aparencial como poideran estar en Guadalupe ou en Alicante. Un alcalde de un pobo galego trasplantado a Hellin ou a Villanueva de la Serena faría pouco mais ou menos o mesmo que fai eiqui, como si non tivese conciencia da ser da terra. Chámase ós galeguistas pra unha festa literaria ou pra descubrir a lápida lembradora d' un nome ilustre.

¿Por qué? Pois sería parvo e carentireiro xuzgar qu' o sentimento galego, pol' o menos un minimum d' il, non é soilo denominador común dos galegos. Pol' a predica dos bos fillos da Galiz, pol' as ensiñanzas da realidade cotidián, pol' as dúas cousas operando no espírito, inconscientemente galeguista dos mais tüzaros e gregarios, todos saben onde está a salvación, o dereito, a obriga, a esperanza. Contodo, aínda manda Madrid. Mais non nos asombremos desmariado. Ben mirado os imperios sempre se mantiveron pol' a priguiza dos sometidos. D' outro xeito habería dereito a

ENCOLDO NO SO UNIVERSALISMO

por PLACIDO R. CASTRO

N'unhas recentes decuracións, publicadas pouco despois da súa acertada intervención na discusión do Estatuto catalán, dixo o Sr. Caserio Gallardo que Hespania tería de cumprir no porvir outras misións de carácter internacional, indicando como a maior delas, dado o xeito pacifista do noso novo réxime, unha cruzada en defensa da paz, do desarme e da irmandade dos pobos.

Nos galeguistas, que inculcamos no noso programa o principio "Galeicia, céntrica de universalidade—anti-imperialismo, federalismo internacional, pacifismo", temos de acoller con agrado e simpatía as ideas expostas polo ilustre político hespañol. E tamén temos dereito a zoster—ainda que isto resulte paradoxico pra os "universalistas" que nos chamaban arredriados—que somos nos, en Hespania, na nosa homilde esfera, os que nos atopamos máis identificados coas ideas expresadas polo Sr. Caserio, xa que a realización do noso programa, e dos anseos de outros pobos onde existen movementos semellantes ao noso, sería o paso máis decisivo cara a paz e a irmandade de todas as nacións.

Entón, aquí os feitos históricos, lexionais ou contemporáneos, facer un cianismo de política internacional do momento e do seu probable desenvolvemento, co oxecto de mostrar que o mundo camila por vireiros que venen a confirmar a nosa tese nacionalista, sería unha labours longa demais pra realizar nun curto artigo. Sumentes se poden apuntar unhas cantas observacións suxeridas polas palabras do Sr. Caserio. A primeira é a necesidade de lembrar de que os máis ferozes conflitos da política internacional relaciónase con problemas de minorías e de autonomía, que hoxe existen na maioría dos Estados de todos os continentes, aínda despois do triunfo recente de numerosos movementos nacionalistas. A solución dos problemas deste carácter é unha das etapas indispensables na lotta de pacificación do mundo—cechando aos pobos que se alentan asociais, e debilitando ao mesmo tempo os grandes Estados imperialistas e militaristas. Si Hespania desexa xogar un papel importante nas xuntanzas das nacións, ten de ter en conta estas realidade. Para ter un prestixio e unha autoridade por encima de todas discusións, debe Hespania resolver os seus propios problemas autónomos desantes de pretender intervir como mediadora nos problemas alenos. Unha Hespania constituída por nacións autónomas sería sin dúbida algunha, na vida internacional, un porvir/motto máis brillante que un Estado unitario. Sería diante do mundo, un exemplo digno de imitación...

Estó en canto a situación do conxunto hespañol. Pero ademais, na Hespania que nos estamos, habería unha Vasconia e unha Cataluña en íntimo contacto espiritual coas terras irmás da Francia; e o que é máis importante, unha Galicia, que tería liberdade pra cumprir a súa misión histórica de aproximación a Portugal e ao Brasil, alén das súas relacións sentimentais coas terras célticas espalladas polo-a veira do Atlántico. Engadíase a isto a natural irmandade de toda Hespania coas nacións americanas de fala castelá e con Filipinas, a comprensión que o conxunto formaría unha verdadeira Sociedade de Nacións, con posibilidades de universalismo igualadas sómente polo conxunto de pobos de fala inglesa.

Valei o noso xeito de entender a universalidade, algo máis práctico, máis humano, máis moderno que o supor d universalismo dos que fan falas do imperio da fala de Cervantes ou das cartas históricas de Hespania-imperialista. E a proba de, que non insinuamos no contradiccionario ningún coñecemento que a Hespania, que así quedamos, a Federación das Nacións católicas, e a base dos católicos.

—Universalismo e do porvir internacional do Estado hespañol, que agardar até o mundo unha enorme influencia, afincada na súa forza espiritual, única forza que nos respaldamos, e única que ardimos exercer.



A VIDA LEVIAN

CART

Aurelio Ribalta e o home das "kas", como Vicente Risco, e o home das "lotas". N'este percorrer dos nosos intelectuais, en procura d'un galego máis filoloxicamente puro e limpo, os dous esgrevios escritores teñen as súas debilidades ortográficas.

Mais Ribalta leva a súa consecuencia de empregar a K galega, a tales lindes, que nos seus artigos no "novo idioma, nas conversacións, a súa K destaca con tanta familiaridade, nas máis íntimas amplias sonoridade alemán.

Un bo día, ocorreu o pequeno feito fogareño e perturbador, de que se lle escapazase o chamador da porta da súa casa de Madrid. E no intre de compoñelo, Ribalta fixo escribir, no lugar do chamador esfarelado, iste gran letrero de advertencia os visitantes:

FETADE NOS KOTELOS
En procura do fogar de Ribalta, chegou un amigo alongado de Madrid. Perguntou, orientouse, e foi a casa. Mallo, o te a paxar, e non...

Escrutinio electoral no Pazo provincial de Xusticia.

O segredario da Diputación, vai pasando os sobres das sacas. Hai altas dobre, pucheiros escandalosos, toda a tranquilidade electorera engimida en contra dos candidatos galeguistas. Isto, que son Castiela e Paz Andrade, sentanse en frente da concunión republicano-socialista. Entra e sai, rachadosamente, o diputado a quen o Congreso, en sesión xuntanza segrega, puo pra sempre "n-oukaut".

Tócale o turno ao distrito de Ponte Sampaio: Izo segredario, 16:

— Ponte Sampaio: Votantes, 348. Votaron, 340. Conxunción republicano-socialista, 340.

Interrompese, porque un dos nosos candidatos prega a verba:

—E pra dicir, señor presidente, quíde caso e dino de ser amostrado como o máis brillante e sempre de vitalidade ribaldada. A min obsévanse, señores da mesa, que así a concunión pra...

me topouse co rétollo:

FETADE NOS KOTELOS

Calos os lentes, leu a despalco, fixo un xesto de rabia, mascullo un xuramento e voltouse enfurecido.

E como, de novo na rua, topa co guarda municipal, que lle sinalara o portal, revirouse todo furioso, i-estoutille:

—Óiga, guardia. Eu preguntelle a vostede pola casa do señor Ribalta. E vostede fíxonme entrar nese portal, trabucándose de todo, por que n-esa casa o veciño non ten nada que ver co meu veciño, o señor Ribalta. E pra que vou...



Cando a República nomeou o...

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

FEITOS

Un éisito formidábel do S. de E. G.

Pra os que andaban a dicir que a obra do Galeguismo non tiña ambiente en Galiza o éisito pleno que o Seminario de Estudos Galegos acaba de ter no seu empréstito reintegrábel, é unha lección que certamente non agardaban.

Os que pensaban que o movemento cultural escomenzado, e principalmente sostido, pol-os homes do Galeguismo, non tiña ambiente na nosa Patria ou era cousa de uns cantos tolos, xa non terán ningunha dúbida do seu trabucamento ridículo e risibél.

Precisába o Seminario 12.500 pesetas pra a edición de varias obras, d-issas que os nosos inimigos consideran, na súa ignoranza enciclopédica, que non interesan a ningunha. Trábase nada menos que de facer edicións d'un Códice (o Calixtino) e d'un traballo do Sr. Sobrino sobre insculpturas rupestres. Estas parvadas que deron enresuciar a estudos dos galeguistas e algúns outros homes que se van contactando da chifladura que os galeguistas ao parecer poden facer.

Pero... ¡ouh sorpresa! Resulta que a xente en Galiza debeu verse tola, e cecós, contaxiada da chifladura dos galeguistas, acude con verdadeira febre a cubrir ese empréstito reintegrábel sin intrín. En menos d'un segundo o número de edicións solicitadas pasa de 400 e o Seminario véuse na posición de dicir: "¡Basta de xente!"

¡Es que en vez de prestarlle dinero reintegrábel sin intrín llo querían donar. E o caso é que a maior parte d-elles son galeguistas militantes...

Se estará chiflada a xente... ¡Está visto que cada tola fai un conto... ¡Non adólvíndes a cara que está án poñendo arestora faces papanteas de nenigos nosos que viven en Galiza e se non decatan da evolución que a cotto se vai operando n'ela, calada pero firmemente, como se non decataran aínda de que a obra do Seminario é seguida co máis grande interés nos centros culturais de todos os países do mundo, cos cales troca

TEMAS GALEGOS

A Prensa e os nosos parlamentarios

A XERARDO ALVAREZ GALLEGO

Quen dixo—e dixo ben—que o periodista de hoxe, o verdadeiro xornalista imantado por todas as angueiras do tempo—porque hai periodismo e periodismo—, é o mellor diputado do pobo, da opinión desinteresada que leva unha carga de futuro transfigurador nas plias da súa conciencia núa é unánime, non dixo, certamente, nada hiperbólico.

Aténdase cómo as sinfías máis vivas e afirmativas da época, cómo os fitos máis circios e rectores que amoboo a historia contemporánea, toman todos corpo na prensa, gran tornavós da opinión pública, cando aquela—os periodistas—poñen na súa función unha inquietude desinteresada e unha concenxia viviente. Todo o inmenso repertorio dos problemas públicos, co'a súa anguria, súa urxencia, a súa farsquia e a súa atmosfera orgaizan o seu clamor e revelan o seu siño—hoxe como nunca—na pluma acesa e debeladora do periodista... diputado do pobo, je gran diputado!

Pra ista laboura de decrúa e denuncia de problemas vitales que o xornalista fai desfilir a cotto como unha caravana de pregos de todo un pobo, os outros deputados, os d putados políticos, deberían—cando non levan dentro vos propia, como xeralmente aconteces, ao menos adicarlle a mellor atención, teren pra íse laboura a elida máis larguesa, mirando n'ela unha carta de roitase segura pra servir ao pobo. Os deputados republicáns das Cortes Constituintes—xusto é recordalo—tíñan ista norma, pol-o menos uns cantos de Galiza. Suárez Picallo—que nunha ocasión incitouno a glosar iste feito—púñame de releve iste sincronismo loábel e fecundo que rexía denantes ante a laboura da prensa e a situación d'aquelles deputados nosos, semáforos á voz do periódico.

¡E agora! Dende o ángulo do espectador imparcial, o xuízo que merez a conduta do noso equipo parlamentar actual non pode ser máis que de noxo e condenazón. Ao desfilir de problemas vivos con que a prensa—a migalla da nosa prensa viva—os encirra, illes, os deputados nomináds de agora a poñe na súa touzudez nugalán e os seus ouvidos de mercader, a súa impermeábel conciencia hipotecada no chalaneo politiquero, a súa «noíntade» egoísta l-espiroa.

Endexamáis Galiza, a Galiza de entrens fecundas e doiriflas, atópouse en máis grande desanpelo, máis ao marxe da protección do Estado. Os parlamentarios actuais desvencelláronse, con todo e pra todo, da fluencia vital da Terra. Cales sexan as súas angurias, ningún o sabe, fora de tal cal sesión enarcan os cativos benefizos localista pra contentar e esquecer as inquietudes

eleicteiros. E isto é, precisamente, o síndrome máis alido da corrupción, da esterilidade e a catividade d'unha política: escamotear o intrín xeral de Galiza pra se erguer ao socaire de pequenezes de sempre valor partigoris crismadas de favoritismo. Iso, en todos os tempos, chamouse ceciquismo. Mal rayo si outra cousa fan, cómo si non tivesen estrelas máis outas a que se orientar.

Pera ludibrio e desgracia de Galiza, non cabe xa maior sinfía. A nulidade o a apostasía d'íse medio cento de deputados que din representar á Terra agrándase e perálase, mais que pol-a súa coxvénite penuria representativa, n'esta reveladora e deliberada xordeira que opoñen antilegalmente ao vivo e angurioso clamor en que se debate, crucifilada n'unha estéril laboura, a Prensa galega que mellor sinte nos seus pulsos o latexar do pobo. Tamén hai que destacar iste feito, como unha faceta máis vergonzante do resultado de aquelas torpes e lesivas eleicións do ano pasado.

JOHAN CARBALLEIRA.

De Lama (Lugo)

galegos expatriados se somos e
mos amosar que somos patrio-
que temos de facer é deixarnos
r consellos e contribuír econó-
mente ao sostemento dos orgais-
políticos e culturais que honran,
n e traballan a prol de Galiza.
uen favorezca economicamente
Partido Galeguista, ao Seminario
Estudos Galegos, á Academia Ga-
e á Residencia de Estudantes será
o patriota galego.»

certo que «Raza Celta», coa autori-
le que lle da falar na emigración,
ga sen dúbida as tintas.

Fortunadamente son xa moitos os
dás e algunhas as entidades que
aprenderon isto e que saben da súa
ruga de bos patriotas. Podíamos ci-
exemplos de Bos Aires e outras
idades de América.

Pero inda son moitos os que com-
e se poñan a facer con nós unha la-
ura organizada e constructiva, que
on desmaie ante ningún tropezo.
orque compre traballar duro, con fé,
se fose menester, a prazo longo,
re secudir os danos, vicios e inxus-
zas de máis de catro séculos de fu-
esta centralización asimilista.

O demais son andrómenas.

en cada intre a postura que máis
convén, íses non. Íses farán que se
non decatan. Porque discurren co
estómago. Porque son, como se
ten dito acertadamente, «os que
corren a protexer ao vencedor».
Íses virán, sin que ningún os cha-
me cando o vencedor sexamos
nós. Virán a protexernos. Xa andi-
veron arredor de nós cando pen-
saron que o Galeguismo podía ser,
como calquer outro Partido, unha
sociedade en comúndita pra explo-
tar o corpo electoral e repartir o
botín.

Pero... ¡pra íses endexamais es-
cribimos nós!

Desagravio a Vigo

Un xornal de América, sen dúbida
mal informado, arremete indifinido contra
Vigo pol'o recibimento dispensado
a Emiliano con motivo da entrega do
Monte do Castro.

Afirma o referido xornal que, pra
recibir do Estado o que sempre fora
de Vigo, non había necesidade de
festejar a un «ente que como Ambro-
sio foi expulsado do Parlamento i' é
un dos maiores inimigos de Galiza.»

Comprendemos a xusta indignación
dos irmáns de América que redaitan o

tomaron as mesmas circunstancias pra co-
ñecer a tona coas circunstancias e co-
servar as súas posicións. Son, pol'o
tanto, amigas de Galiza e do gale-
guismo.

Pode que n-outros lugares non se-
ñan así; pero en Lugo, e sobre todo
n-ista comarca, o que decimos é esai-
to. Caciques, Unión Patriótica e com-
pansa son a xente de que as dereitas

xornal en custión, e disculpamos a
choiva de epítetos que contra a cida-
de de Vigo disparan... Todo iso esta-
ría ben se o feito do tal recibimento
fose verídico.

Pero nós, que coñecemos o ocurri-
do, temos a obriga de desagruar a
Vigo. Po que a fermosa, e cada data
maís galega, cibdade atlántica non
ten culpa de que uns cantos señores
comprometidos con Emiliano por cer-
tos negocios pouco limpios, en com-
plicidade coa prensa, lle fugan repre-
sentar un mal papel.

O certo, o que debe saberse pra des-
agravio de Vigo, é que Emiliano foi
recibido c-unha pita e strepitosa cando
intentou falar dende o balcón do Con-
cello e que tivo que saír fuxido pol-a
porta traseira.

Vigo non ten culpa do que despois
inventaron os xornaes.

mitins que (como
portante en que li
irmáns do Comité
eleituando en tod



Pois ben: iste a
ma «dereitas» pra
nosa campaña de
guista encirrando
tañeses pra que vi
mitin. Nin se atre-
dilles que espriqu

geno que cometer
que están dando p
to, e quixeron por
uns probes mozos
maldecirán, porqu
utilizados como in
causa sagra da súa

¡Lástima que os
lle deu a tales pro-
sen na cabeza dos
res! Pero cairán al
sexan os mesmos
contra de nós os e

¡Átrévense a ch
a invocar o nome
do unha horrenda
parásitos da nosa
teñen, a maldade
za d-uns probes in
Xa terán o seu m

nya autónoma. Galeguistas, republicáns e socialistas galegos



ESBOZO BIOGRÁFICO

Educado na Gran Bretaña, Plácido Castro (1902-1967) percorre unha viaxe vital desde o seu Corcubión de nacemento ata o Cambados da súa etapa derradeira. Este librepensador, dandi transerrado, dotado de múltiples cualidades dispersas (publicista, músico, escritor, erudito, político, tradutor, xornalista, astrónomo, profesor de inglés ...) tivo unha determinante actividade na vida política e cultural do seu tempo.

Alentou as Irmandades da Fala, nas que predeu a Galicia do seu soño; militou no Partido Galeguista de Bóveda e Castelao, sendo Secretario de Relacións Internacionais, ao que representaría no IX Congreso de Nacionalidades Europeas, no que Galicia, co seu discurso, obtén o aval de nación europea.

Plácido Castro é un dos Galegos na Historia, nesa Historia que se nos nega e na que homes e mulleres coma el aínda permanecen silenciados. A lingua galega, prohibida despois de 1939, escoitábase en Galicia ao sintonizar a emisora británica BBC; era a voz e a palabra de Plácido Castro que relataba a nosa cultura propia, no primeiro programa estable en idioma galego no mundo da radiodifusión.

(da biografía de Plácido Castro, Xulio Ríos, Ir Indo edicións, 1997).

8

**TEXTURAS
INTERNACIONAIS**INSTITUTO
GALICIANO
DE INVESTIGACIÓN
E DOCUMENTACIÓN
HISTÓRICAS
IGADIFUNDACIÓN  **Plácido Castro**

Irlanda en Plácido Castro

*Introducción de Xulio Ríos***TEXTURAS
INTERNACIONAIS**

4

Xulio Ríos / Fernando Pérez-Barreiro Nolla
Álvaro Álvarez Blázquez / Daniel Landesa
David Reñero / Joao Conde Veiga
Luis Álvarez Pousa / Vicente Araguas
Valentin Arias / Silvia Gómez Saborido
Alfonso Álvarez Gándara

Plácido Castro no Centenario



<http://www.igadi.org/web/publicacions/>

A FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

Ten por obxecto a reivindicación da figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río, atendendo á conservación e divulgación do seu fondo compromiso con Galicia e cunha visión universalista do mundo. A Fundación adica especial atención á difusión da súa obra artística e literaria, especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalística.

Entre os fins fundacionais cómpre salientar:

- A promoción e realización de debates e reflexións sobre temas internacionais, procurando a apertura dos horizontes exteriores de Galicia e a súa universalización.
- Favorecer as traducións ó galego de textos e obras, en especial de lingua inglesa.
- Apoiar as políticas de formación de xornalistas especializados en Galicia en materia internacional.
- Fomentar os intercambios de Galicia co mundo británico e irlandés.
- Afondar nas posibilidades de apoio ó desenvolvemento do teatro e das artes plásticas en Galicia.
- Apoio á radiodifusión en lingua galega.
- Promover a edición de publicacións específicas arredor das actividades e preocupacións de Plácido Castro, así como a realización de actividades que contribúan a un maior coñecemento por parte da sociedade galega da súa obra e pensamento.

O Padroado da Fundación Plácido Castro está integrado polos Concellos de Cambados, Corcubión e Vilagarcía de Arousa, a Asociación de Tradutores Galegos e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional. Preside a Fundación, Susi Castro Sineiro.

A Fundación Plácido Castro organiza e convoca un Premio de Tradución e cada 25 de xaneiro promove unha Conferencia Anual na súa memoria.



Fundación PLÁCIDO CASTRO

Sede oficial e Arquivo permanente

Pazo de Torrado, Rúa Príncipe, 10

36630 Cambados (Pontevedra)

Secretaría

Avda Joselín 7, P₃ 4ºB

36300 Baiona (Pontevedra)

Tel/Fax: 986 357 238

E-mail: info@igadi.org

<http://www.fundacionplacidocastro.com>



Coa colaboración do
Concello de Bueu

